

O pasado 18 de xullo, segundo informa o servizo de prensa da Xunta de Galicia, asinouse un protocolo de colaboración entre as tres universidades galegas e os seus respectivos reitores, para fomentar a cultura emprendedora e o despertar de vocacións empresariais na comunidade universitaria.

Por mor deste acordo, a Consellería de traballo concederá subvencións á contratación de persoal especializado nos ámbitos de traballo e a orientación laboral e profesional.

Segundo a información publicada polo citado organismo, a Universidade de Vigo contará con tres servizos de apoio ao emprendemento e ao emprego (SAEE), un por campus cos seguintes efectivos:

Campus de Vigo: 4 orientadores/as para o Servizo de orientación laboral e 4 para o Servizo de asesoramento ao autoemprego.

Campus de Pontevedra: 1 orientador/a para o Servizo de orientación laboral.

Campus de Ourense: 1 orientador/a para o Servizo de orientación

Tendo en conta estes datos prégoles que dea conta a este sindicato da seguinte información:

- Número actual de orientadores/as laborais cos que conta a Universidade de Vigo.
- Número de orientadores/as que se van a incorporar por mor do referido acordo.
- Sistema de selección que se vai a empregar.
- Lugar no que se incorporaran os novos efectivos.

Asemade, considerando que este acordo está asinado por D. Alberto Gago, actual reitor, no nome da Universidade de Vigo e que na nosa institución os servizos de orientación ao emprego están enprazados na Fundación Universidade de Vigo (FUVI), entidade que ten personalidade xurídica propia e plena capacidade xurídica de obrar, pregámoslle que nos notifiquen con que entidade asinarán o contrato os traballadores/as que se pretende seleccionar.

Lembrámoslle, tamén, que tanto este sindicato como o órgano de representación do persoal laboral mantiveron un longo litixio coa universidade tanto polo sistema de selección que empregou o anterior vicerreitor de Relacións institucionais como pola posterior decisión de radicar as oficinas de orientación ao emprego na FUVI.

Por ultimo, lle informamos que no caso de que o actual equipo de goberno siga mantendo a estes servizos na FUVI, CC OO defenderá o dereito do órgano de representación dos traballadores a participar na comisión/s selección dos/as novos/as orientadores/as laborais.

Vigo 23 de agosto de 2006

Atentamente

Manuel Velasco Graña

Coordinador da Sección Sindical
de CC OO da Universidade de Vigo

SR. VICERREITOR DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS.
SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO.